

A palabra de hoxe é

Xuíz

XUIZ

En competicións deportivas, un xuíz é o árbitro principal que toma as últimas decisións. Nos Xogos Olímpicos hai varios xuíces e son os responsables de garantir o cumprimento dos regulamentos e o xogo limpo.



A palabra de hoxe é

Xinete

XINETE

**Un xinete é unha
persoa que vai
montada a cabalo
e tamén unha
persoa que
practica o deporte
da equitación.**



A palabra de hoxe é

Triatlón

TRIATLÓN

O triatlón é unha competición deportiva individual que inclúe 3 probas: carreira, ciclismo e natación, probas que se realizan en orde e sen interrupción entre unha proba e a seguinte.



A palabra de hoxe é

Bádminton

BÁDMINTON

O bádminton é un deporte en que se enfrontan dous xogadores, ou dúas parellas de xogadores, sobre un campo rectangular dividido transversalmente por unha rede, que consiste en golpear o volante cunha raqueta de maneira que, pasando por riba da rede, toque no chan do xogador contrario.



A palabra de hoxe é

Anfitrión

ANFITRIÓN

Un anfitrión é unha persoa ou organismo que recibe no seu país a invitados ou visitantes. Un país anfitrión é o que realiza un evento deportivo ou cultural ao que outros países están invitados.

Nos Xogos olímpicos e paralímpicos de París 2024 Francia é o país anfitrión.

